Arriscada aposta

No espazo da brillantez

Román Raña

Extraordinario o libro de Marica Campo, *Sextinario*. Fóra do común, sen dúbida, lonxe do usual e fartamente repetido. No mundo da poesía apréciase unha tendencia pola introdución dun verbo comatoso e incoherente que quere ser brillante. Os que así escriben procuran a brillantez e a modernez, cando, na realidade, o que fan é prosa ou discurso desquiciado. A aposta de Marica Campo é a oposta: arriscadísima, absolutamente ousada, liricamente intrépida. Como sinala Carlos Paulo Martínez Pereiro no prólogo, a nosa artista bota man da sextina (seis sextetos en que a palabra final de cada verso segue este esquema: 1, 2, 3, 4, 5, 6 para, na seguinte estrofe, seguir a secuencia: 6, 1, 5, 2, 4, 3 e así en todas as estrofes até acabar cun terceto final que recolle dúas palabras rima en cada verso), unha composición ben complexa e ben difícil, que tivo o principal valedor na Idade Media en Arnaut Daniel e que algúns vangardistas retomaron na década dos setenta. A autora vai edificando unha poesía que pretende tocar toda a fibra insondábel do ser humano.

A VOZ DA AUTORA XORDE CÁLIDA, SOLIDARIA, ENCHIDA DE BELEZA EN TODOS OS SENTIDOS DA MESMA

Poderíamos esperar da nosa poeta, empeñada en construír uns poemas tan estritamente formais, un discurso tamén virado á fría formalidade, a un canon insensíbel. Pois ben, Marica Campo foxe destes perigos, suxeita o cabalo selvaxe da sextina e insúflalle vida propria, emoción interna, paixón pola palabra e vehemencia no dicir. A súa voz é cálida, solidaria, enchida de beleza en todos os sentidos. Nisto a habilidade da nosa autora resulta excepcional. Os poemas teñen unha musicalidade e un ritmo tan poderosos, que o coloquio poético revela desmesura e excelencia. Tomemos como botón de mostra o magnífico "Soliloquio", que comeza así: "Se o poema é a sombra que me copia,/mal haxa a miña escrita verso a verso./Debe voar e eu velo sobre as nubes,/afastado de min, cunha outra vida./Precisa andar lixeiro sen o lastre/do meu ser sobre as ás, sen o meu chumbo."

Perdoe o lector a extensa citación, mais creo que ilustra ben o inxente traballo combinatorio da escritora, cando, despois de cinco variantes sextinarias, chega ao terceto final: "Ou quizais ser a copia do teu verso,/tirar da túa vida todo lastre,/subir ás nubes o teu ser de chumbo."

Tamén hai que dicir que o poemario non escapa aos temas espiñentos e, con vigor, denuncia as inxustizas que azoutan a humanidade. Por exemplo, o marabilloso poema "As razóns do asasino", onde un home exerce a violencia homicida sobre a súa parella. Estamos ante o monólogo dun machista que trata de xustificar o seu brutal asasinato exculpándose da súa vileza con argumentos tan peregrinos como patéticos. Tamén achamos pezas dedicadas á patria, á nosa lingua, claras homenaxes a Manuel María, a Celso Emilio Ferreiro. Xunto con eles, outros exploran o territorio da infancia, o amor, a fugacidade da vida, a forza do erotismo, a amizade, o xogo verbal (como exemplo, "Cortazariana"), a nostalxia... En fin, todo aquilo que estremece o corazón do lector. Citemos como exemplo o evocativo "Desterro", onde a poeta revisita a memoria do fogar do pasado e conclúe: "Porque nos labios nace novo o mundo/se deitan bicos cando din un nome./Regreso á casa se pronuncio pombas."

Tamén descubrimos moitos poemas que reflexionan sobre o proprio acto da escrita, sobre o misterioso cerne da palabra, sobre o estraño oficio de vivir e o escuro oficio de escribir. Extraordinario, repito, o libro de Marica Campo.

CAMPO, Marica, Sextinario: trinta e seis+tres, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2007, 110 páxinas.